

**DE CONCERTOS** "Portugal está más pechado a aceptar música en lingua galega", afirma a lusa María do Ceo que no seu último disco pon música a poemas de autores do noso país

# Libre, rebelde e soñadora

"Ser fadista é unha forma de vida desde que te levantas ata que te deitas", asegura a cantante

MLP/AGN • Madrid

"Sempre que acabo un concerto, se tivese unha cama no escenario, dormiría inmediatamente porque doume tanto a xente que me descarga". Así explica a fadista María do Ceo a súa forma de vivir a música. Isto ainda se podería resumir mais extraendo unha só conclusión: deixá a alma en todo o que fa.

Como foron os seus comezos? Antes de ser fadista traballou nun supermercado.

Empieza tarde porque antes que cantante, fun e son nai, esposa, irmá e filla. As cousas teñen que pasar cando ten que ser. Todo o que fago hoy, estar fóra da casa 15 días e esas cousas non podería facelo se a miña familia me necesitase.

O seu pai é tamén fadista, en que medida influíu el en vostede para escolher esta profesión?

Cando meu pai cantaba era aludia non nacer. El era o que se ducía en Portugal un fadista amador, caníbal cando salía de traballar. Entraba nessas casas de fados que entrón, en 1950, no Porto había tantas casas de fados como en Lisboa, e cantaba ás altas horas da noite. Con iso atopaba esa melancolia que o martirizou ata a morte. Do meu pai herdei a súa alma libre, romántica, soñadora, bohemia, a afición e a melancolia na gola.

Qué características hai que ter para ser unha boa fadista?



María do Ceo naceu no Porto pero reside en Galicia dende hai moitos anos

#### A IMPRESIÓN DACTILAR

"A exclusividade é o difícil nun artista"

No seu último trabalho pon música a poemas da literatura galega. Foi un reto difícil para unha fadista?

Canté o que cante sempre está o meu selo, a miña impresión dactilar, o más difícil de conseguir nunha artista é a exclusividade, é que ti

escoites a alguien e inmediatamente saibas quén é, e eu conseguiu.

Guitarra! Aparcar o fado na-

gun momento e probar con outro tipo de música.

Aparcar o fado nunca. O que si farei é cantar outros estilos, pero sempre estará presente o fado. Son moi traballadora e estou sempre facendo cousas agora esto facendo os aranjos para todas as cancións que me pediron para unha película galego-mexicana, e que gravarei proximamente.

Supón que fer unha grande alma melancólica, vivir situacións que che mán, carón, porque ninguén da mada se non o ten dentro, e tamén ter un timbre de voz xa de nacemento especial. Tés que ser fadista des que te ergues ata que te deitas, ser soñadora, rebelde, sen horario, un ser libre de corpo e espírito, porque ser fadista é unha forma de vida. Quizais por iso a mina é din María do Ceo, Corpo de Muller con alma de Fado.

Vostede reside en Galicia pero naceu no Porto, Portugal. Que tienen en común estes dous países?

Hai moito en común. Tanto é así que o galego aproveita calquera dalguna para ir a Portugal a comer, a conhecer, a comprar. En fin, a compartir os seus irmáns os portugueses. E os portugueses fan exactamente o mesmo. A vida cambiou moito en vinte anos, agora case todo o mundo ten coche e desprázase dun lugar a outro, tamén os medios de comunicación son maiores. Hai uns anos se querías un CD de fado íñas que ir a Portugal, pera agora en calquera tenda ou grandes almacéns pódelo conseguir. O que é verdade é que no tema musical Portugal está más pechado a aceptar música en lingua galega. É o más difícil amparar algún CD de música galega no Porto ou Lisboa. Isto si ten que cambiar, pero supón que ten que ver moito coa cultura e a educación dos pobos. Todo o mundo sabe que Galicia ten máis cousas en común con Portugal que con Castela.

Como influiu Galicia e os seus habitantes en vostede é a súa música? Só influiu para ben. Vivir sempre en Galicia e non moverme nese mundo do fado de Lisboa onde hai jantás e tantas artistas cantando o mesmo e do mesmo xeito, iso fino que adoptase una forma diferente. A dozura que o galego me achegou, mesturado coa melancolia do portugués fixeron que sera unha voz única e por ser única é especial. Non puider aprender de ningunha, nin copiar a ningunha. Os discos de fado que escollía eran os vixilios que os meus pais me traxan de Portugal a visitar á miña avoa paterna e eran de Amália Rodrigues. Os galegos son o meu mellor público e eles son tamén os que escollén o meu repertorio porque sempre cantan as cancións más aplaudidas, porque iso significa que son as que más gustan. ■

**PANORAMA** ■ Trinta investigadores de España, Portugal e Hispanoamérica intercambiarán opiniones

## As literaturas infantís, a estudo no Ramón Piñeiro

Baixo o título xenérico de *As literaturas infantís e xuvenis do marco ibérico e iberamericano*, nañá terá lugar a reunión anual no centro Ramón Piñeiro de Santiago dos membros desta rede temática de investigación co fin de analizar este segmento do panorama literario.

Segundo manifestou a directora do proxecto, a catedrática da USC Blanca Roig, asistirán un total de 16 investigadores titulares e 12 en formación procedentes de distintos puntos de España, Portugal e varios países de Hispanoamérica. Os obxectivos fundamentais do proxecto son a

vertebración e consolidación dunha comunidade científica, contribuirá a mellora substancial no que se refire ós plans nacionais de lectura, así como o dar a coñecer nos ámbitos educativos e investigadores os modos de coñecemento das literaturas infantís e xuvenis.

Ao fio desta rede de investigación nacen os cursos de formación continua que se celebran tamén en Santiago, como o que se levará a cabo este ano, que chega á súa sexta edición, organizado nesta ocasión pola Universidade de Santiago e pola Asociación de Escri-



Blanca Ana Roig Rechou é catedrática de Lingua e Literatura Galegas

toras en Lingua Galega. Neste caso, tratarase precisamente da poesía infantil e xuvenil no século XXI.

Os más de 130 participantes abordarán o feito de que estas disciplinas literarias, habitualmente excluídas dos plans de estudio e as licenciaturas, son dunha transcendencia fundamental no mundo das tecnoloxías da información. Blanca Roig engadiu que anualmente, cos resultados das reunións da redé se publica un monográfico, que se escribe en todas as linguas do marco ibérico – catalán, galego, portugués, castelán e euscaro, e tan só este último se traduce. Este ano o libro editado Xerais, e na próxima edición abordarase o tema da reescritura dos contos populares. A iniciativa da catedrática de Lingua e Literatura Galegas, Blanca Roig, naceu nunha reunión de investigadores no centro Ramón Piñeiro en febrero de 2004, con motivo do seu decimo aniversario. ■ REDACCIÓN